



FICHA DE INSCRIPCIÓN PCPI E EPA

O concello de Pontevedra coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon en marcha durante os meses de xullo e agosto unha serie de actividades para a prevención do abandono escolar dirixido aos rapaces/as que estean cursando **PCPI** ou **EPA** nalgún dos centros da vila ou que estean empadroados en Pontevedra e realicen estes estudos fóra:

Reforzo educativo: as persoas que así o desexen poderán recibir clases de apoio para preparar as materias que teñan pendentes para setembro. Estas clases impartiranse os **luns, mércores e venres de 10:00 a 12:00** nalgunha das dependencias municipais.

Apoio ás técnicas de estudo: trátase de **9 sesións** de unha hora e media nas que se traballarán de forma grupal os aspectos que axuden a mellorar os hábitos e o método de estudo do alumnado; analizando o os seus recursos e practicando novas técnicas para mellorar o seu rendemento. As sesións serán os **martes e xoves** durante 1 hora e media.

Orientación persoal e académica: as persoas participantes terán a posibilidade de traballar individualmente ou en grupo cunha profesional diversos temas relacionados con aspectos máis persoais que inflúen na súa motivación e benestar e coa orientación académico e laboral: busca de emprego; itinerarios profesionais, recursos persoais...

Se estás interesado/a en participar nalgunha das actividades deberás marcar a opción ou opcións que desexes, cubrir os teus datos persoais pola parte de atrás desta folla e asinar ti, e/ou o teu titor/a legal se es menor de idade, a autorización da utilización dos mesmos.

As prazas son limitadas e a inscrición deberá entregarse antes do **22 de xuño** no Departamento de Orientación do teu centro ou no Departamento de Servizos Sociais, sito na Avda. do Peirao.



DATOS PERSOAIS E FAMILIARES

NOME E APELIDOS:		DATA DE NACEMENTO:
TELÉFONO/S de contacto:	ENDEREZO:	
NOME DO PAI/NAI/TITOR/A:		
CENTRO EDUCATIVO:	CURSO ESCOLAR:	
OUTROS DATOS DE INTERESE:		

AUTORIZACIÓNS:

_____, con
DNI _____ acepto participar no programa.

Sinatura:

_____, con
DNI _____, actuando como titor/a legal de _____,
autorízoo/a a participar no programa.

Sinatura: